



CONCELLO DE TABOADELA

DEPUTACION PROVINCIAL
PROGRESO
OURENSE

En Taboadeira a, 18 de Decembro de 2015

Comúnicolle que, en relación co asunto que a Vde. interesa, adoptouse a seguinte **RESOLUCIÓN** :

14 de Decembro de 2015
MANUEL GALLEGO VILA
ALCALDE

- 1.- Aprobar a adhesión do Concello de Taboadeira ao convenio marco de cooperación da Deputación Provincial de Ourense coas entidades locais da provincia en materia de transparencia e acceso á información pública.
- 2.- Transferirle á Deputación Provincial de Ourense, en réxime de encomenda de xestión, o exercicio das actuacións materiais de publicación no Portal da Transparencia de Ourense da información prevista nos artigos 6, 7 e 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno, nos termos previstos no dito convenio.
- 3.- Designar como persoa responsable da execución do convenio a Don. Manuel Gallego Vila. Non obstante o anterior, facúltase expresamente ao alcalde - presidente para a súa substitución, así como para o nomeamento de suplentes, dando conta ao Pleno.
- 4.-Dar conta desta Resolución no primeiro Pleno que se convoque.
- 5.-Ratificar esta Resolución tamén na Xunta de Goberno Local.

O que lle notifico, significándolle que contra este Decreto poderá interpor Recurso de Reposición ante o mesmo órgano que dictou este acto no prazo de UN MES, ou ben acudir directamente á vía xudicial interpondo o Recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso de Ourense no prazo dos DOUS MESES sen que poda simultanear ambos recursos. Os prazos sinalados computaranse, en ambos casos, a partir do día seguinte ó da recepción da notificación do presente Decreto. Durante o mes de agosto non correrá o prazo para interpor o recurso contencioso-administrativo, salvo que se trate dun procedemento para a protección dos dereitos fundamentais. Poderá interpor calquera outro Recurso que estime pertinente.

A SECRETARIA,

Recibida copia da presente

Pza. do Concello - 32690 TABOADELA (OURENSE)